

IÑAKI ANASAGASTI E O NACIONALISMO

Manuel Herminio Iglesias

Hai uns días estivo na cidade o parlamentario do PNV Iñaki Anasagasti. Veu a presentar o libro *Extraños en Madrid*. O acto organizouno o IGEA, fundación que preside Anxo Quintana. No transcurso do mesmo o senador vasco foi dando varios argumentos onde relataba cuestións referidas á ausencia do nacionalismo español e á tendenciosa calificación dos tres nacionalismos existentes nas nacionalidades históricas de Euskadi, Catalunya e Galiza como algo problemático. Rematou falando das claves do proceso autonómico que naceu a partires da constitución 1978; chegando a relatar as razóns que levaron ao PNV a participar no proceso político que deu lugar a posterior redacción da actual constitución. Decía este bo orador que, antes das primeiras eleccións e sen ter claro cara onde camiñaba o proceso da reforma política iniciada despois da morte de Franco, no PNV sempre tiveron asumido que tiñan que participar nas institucións do Estado e facer política. E recalcaba referíndose aos da serpe, (enténdase Eta) que, despois de trinta anos matando, nada tiñan acadado, nada máis que morte e dor.

Esta reflexión e outras referidas aos procesos de recesión no eido autonómico, dábanlle pe para afirmar que, o nacionalismo tiña que estar ben implantado e articulado, pois os partidos centralistas, especialmente a dereita entenden o proceso autonómico como unha concesión ou gracia política que deu o estado centralista, o que pretenden recortar pois non aceptan a letra e o texto no referido as nacionalidades que se recolle na vixente Constitución.

Xa no coloquio contestando á pregunta de ¿Como se percibe o nacionalismo galego dende Euskadi? A resposta foi contundente: vexo ao nacionalismo moi traballador, pero un tanto débil. E diante tal resposta quedei cavilando e pensei na dificultade que existe no nacionalismo galego para ampliar a súa base electoral. A conclusión e que levamos moitos anos pretendendo ser a vangarda dunha revolución hipotética, copiando ideas de modelos importados que fracasaron estrepitosamente, e dicindo que somos a xenuína representación do auténtico pobo galego. Nós damos o carné de bo galego e quitámolo se é preciso.

O nacionalismo ten que estar vinculado necesariamente a modernidade, a un avance na calidade de vida e social. Polo que para ampliar a base social hai que ofertarlle aos cidadáns algo máis que frases poéticas facendo referencia aos nosas virtudes como pobo. Onte lin nun boletín dunha forza política nacionalista un denso artigo que falaba de liberar ao pobo da alienación do sistema ao que estamos sometidos. E digo ¿De quen nos temos que liberar, se a xente vota libremente? En fin, o nacionalismo ten que darlle solución aos problemas que ten Galiza dende Galiza. E ten que facelo sen pretender importar modelos de países foráneos que nada significan no mundo. Hai, tamén, que definir claramente a forma de organización política que sirva para, evitando a endogamia organizativa e ideolóxica que nos arreda da sociedade real, solucionar os problemas presentes que temos como comunidade política e social.

Avecíñanse tempos de LOAPAS decía Anasagasti. O centralismo e a dereita representada polo PP soamente percibe a España coa visión dos reis católicos. Soamente acepta a España cañí. Esa España que non reconece as nacionalidades, que as ve como un perigo e que nos visualiza como unha rexión sometida ao favor eterno de Madrid.

O nacionalista vasco falou con moita claridade. Hai que fortalecer o nacionalismo e, para iso, hai que modernizarse ou, pola contra, seguir actuando de muleta dos partidos centralistas, o que significa camiñar cara a marxinação política.